



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 7 DE MAIO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Baños de Molgas do treito final da estrada autonómica OU-103.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se ordena á Asesoría Xurídica Xeral comparecer como parte en nome da Xunta de Galicia e presentar as alegacións de oposición, incluídas en relación coa suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados, no recurso de inconstitucionalidade nº 1975-2021, promovido polo presidente do Goberno contra o número cinco do artigo único da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, en canto dá unha nova redacción ao artigo 38.2 da lei modificada.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Baiona para a mellora da drenaxe no Camiño das Monxas e no Camiño Pouquena e Sabarís. Concello de Baiona (Pontevedra), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de seiscentos mil euros (600.000 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade Cogami para a realización do proxecto EN-RED-ARTE III por un importe total de vinte e cinco mil euros (25.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952 €).

- Acordo polo que se autoriza sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines, Amencer-Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados en dous centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil oitenta e oito euros (17.088 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e AMICOS, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Pais de Discapitados Psíquicos de Bergantiños (Aspaber), para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e catro mil catrocentos dezanove euros con noventa e catro céntimos (54.419,94 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de quince mil trescentos setenta e nove euros con vinte céntimos (15.379,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de nove mil oitocentos vinte e cinco euros con sesenta céntimos (9.825,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e tres mil catrocentos noventa e seis euros (23.496 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil cincocentos quince euros con vinte céntimos (17.515,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dous mil cento trinta e seis euros (2.136 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de sete mil douscentos sesenta e dous euros con corenta céntimos (7.262,40 €).

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80%, nas subvencións derivadas da Resolución pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do PO FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Orden Hospitalaria de San Juan de Dios (Hogar y Clínica San Rafael) para o financiamento dos gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade, no exercicio 2021. Importe: dous centos trinta e tres mil doce euros (233.012 €).

### INFORMES

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o Pacto de Estado por Ferrol.

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a declaración da Área de Rehabilitación Integral de ámbito urbano de Beiramar (Vigo).
- Informe sobre a declaración da Área de Rehabilitación Integral de ámbito urbano de Espiñeiro-Teis (Vigo).
- Informe sobre a declaración da Área de Rehabilitación Integral de ámbito urbano de San Pablo (Vigo).
- Informe sobre a declaración da Área de Rehabilitación Integral de ámbito urbano de San Roque (Vigo).
- Informe sobre a declaración da Área de Rehabilitación Integral de ámbito urbano de Pontearreas.

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Estratexia galega de enfermidades raras.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a resolución do procedemento de acceso aos graos I a IV da carreira profesional correspondente á convocatoria do ano 2020.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de diversos artigos, actuacións e outros gastos derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia do COVID-19, por importe de un millón oitocentos sesenta e nove mil cento sesenta e un euros con sesenta e nove céntimos (1.869.161,69 €, IVE incluído) na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de marzo do presente ano.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a memoria de actividades do Cetmar.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS DA VÍA DE ACCESO AO SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DOS MILAGRES

- *Trátase do treito final da estrada autonómica OU-103, entre os puntos quilométricos 4+870 e 5+090*
- *Con esta transferencia o Concello asume a xestión e conservación destes tramos*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Baños de Molgas do treito final da estrada autonómica OU-103, que constitúe o acceso ao Santuario da Nosa Señora dos Milagres, situado no lugar dos Milagres do Medo, na parroquia de Vide.

O Concello de Baños de Molgas manifestou ao departamento de Infraestruturas da Xunta o seu interese polo cambio de titularidade do tramo comprendido entre os puntos quilométricos 4+870 e 5+090, que recibiu o informe favorable dos servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas ao ser unicamente vía de acceso ao citado santuario.

A transferencia a prol do Concello deste treito do viario autonómico tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Baños de Molgas terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O cambio de titularidade do citado treito final da estrada OU-103 será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A entrega formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósase o treito da estrada obxecto da transferencia:




XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Comunicación da Xunta de Galicia

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238 / 42 / 51 - Fax: 981 541 252 / 41  
Correo-e: [comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

## A XUNTA SOLICITARÁ O LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DO PUNTO DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA RECORRIDO POLO GOBERNO CENTRAL

- *O Goberno galego nega que se invadan competencias estatais, polo que comparecerá como parte ante o Tribunal Constitucional e presentará as alegacións oportunas para defender a constitucionalidade da norma*
- *Lamenta que o Goberno central presentase un recurso de inconstitucionalidade á lei galega antes de clarificar as discrepancias na comisión bilateral de cooperación entre Xunta e Estado e ante a necesidade dun marco legal para loitar contra a pandemia tras o levantamento do estado de alarma este domingo*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde para que a Asesoría Xurídica Xeral compareza ante o Tribunal Constitucional e presente alegacións de oposición ante o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Estado contra a Lei de saúde de Galicia. A Xunta solicitará o levantamento da suspensión dos preceptos impugnados do número 5 do artigo único da norma, por considerar que ofrece un marco legal para regular as medidas sanitarias e outorgar seguridade xurídica dentro do marco permitido pola Lei orgánica estatal de saúde pública que regula esta cuestión.

O pasado 6 de abril o Executivo central presentou un recurso de inconstitucionalidade contra o número cinco do artigo único da Lei. O recurso recolle que a norma introduce medidas dirixidas a protexer a saúde pública mediante limitacións aos dereitos fundamentais que só se poden recoller nunha lei orgánica estatal. A Xunta non está de acordo con que se vulneren as competencias estatais, en canto que a finalidade da Lei de saúde de Galicia é ofrecer un marco legal e dar seguridade xurídica para regular as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para loitar contra a pandemia, tendo en conta o disposto na lexislación orgánica estatal de saúde pública, e que o Goberno central non desenvolveu ningunha norma xurídica desde para regular a pandemia malia teren transcorridos 14 meses desde o seu inicio

Cómpre aclarar que o Tribunal Constitucional require lei orgánica só para a regulación dun dereito fundamental ou liberdade pública que desenvolva a Constitución de maneira directa e en elementos esenciais, sen entrar nas súas modulacións provisionais e moi limitadas sobre as formas e as circunstancias en que certos suxeitos gozan destes dereitos. De feito, a Lei orgánica de saúde pública sinala que a protección de saúde pública pode operar como límite dos dereitos fundamentais e liberdades públicas coa adopción das medidas necesarias para a súa salvagarda.

A Xunta comparecerá no recurso co fin de defender a constitucionalidade da norma e soste a procedencia do levantamento da súa suspensión. Ademais, está a negociar as discrepancias no marco da comisión bilateral de cooperación Xunta-Estado solicitada pola Comunidade e das que se levaron a cabo dous encontros da comisión técnica bilateral para avanzar nun acordo que devolva o vigor á lei para a súa xestión co obxectivo de ofrecer un marco legal na xestión da covid-19 que o Goberno central non garante despois de que este domingo se levante o estado de alarma.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Lei de saúde de Galicia elaborouse de acordo cos criterios dos técnicos xurídicos e as competencias constitucionais da Comunidade Autónoma, co obxectivo de actuar con garantías na crise sanitaria, ante a necesidade de que, tal e como solicitaba o Consello do Estado, de que o Goberno central elaborase unha lei orgánica. Este órgano consultivo tamén avalaba cinco dos seis puntos da lei galega.

Nas reunións técnicas levadas a cabo no marco da comisión bilateral, a Xunta presentou unha proposta de acordo ao Goberno central que permita a retirada do recurso, na cal se aclara que as medidas de limitación da Lei de saúde se basean na Lei orgánica estatal de saúde pública e que seguindo os principios da Lei xeral de sanidade, e que o Goberno galego non establece a obrigatoriedade de vacinación tanto ante a covid-19 como noutras patoloxías, se respectará a Estratexia nacional de vacinación.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 600.000 EUROS NAS OBRAS NECESARIAS PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓNS NO LUGAR DE SABARÍS, NO CONCELLO DE BAIONA**

- *Executaranse obras de mellora da drenaxe nos camiño das Monxas e Pouquena, situados nas proximidades da desembocadura do río Groba e identificados como de risco potencial de asolagamento*
- *O Goberno galego asinará un convenio co Concello co compromiso de asumir o financiamento, a contratación e a execución das obras*
- *A Administración local deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas*
- *Os traballos, que contarán cun prazo de 5 meses, consisten na reforma da rede de pluviais coa execución de 4 colectores, mellorando a súa capacidade de desaugamento nas condicións máis desfavorables*
- *A Xunta segue apostando pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias*

A Xunta colaborará co Concello de Baiona para minimizar os riscos de inundacións no camiño das Monxas e no camiño Pouquena, no lugar de Sabarís, cun investimento autonómico de 600.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baiona para impulsar as obras de mellora da drenaxe nestes dous viarios situados nas proximidades da desembocadura do río Groba e identificados como de risco potencial significativo de inundación.

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento das actuacións destinadas a reducir os efectos negativos dos asolagamentos nesta área. As obras estarán cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, o Concello de Baiona asume a posta á disposición dos terreos necesarios para o inicio dos traballos e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución. Tamén asume a obriga de recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción e a asumir o seu mantemento e conservación, coa utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

### **As actuacións do convenio**

Os camiños das Monxas e Pouquena son dous viarios situados nas proximidades da desembocadura do río Groba que presentan un historial de frecuentes inundacións. A deficiente rede de drenaxe de pluviais existente na zona, que desemboca na Foz de Miñor,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vese habitualmente superada durante os episodios de chuvias, anegándose os viarios e as construcións lindeiras; este feito vese agravado cando as precipitacións abundantes coinciden, ademais, coa preamar.

As actuacións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que buscan minimizar os asolagamentos nesta contorna, están recollidas no Plan de xestión específico realizado na área de risco potencial significativo de inundacións do río Groba, no que Augas de Galicia recolleu as distintas opcións para o desenvolvemento de intervencións que contribúan a minimizar o risco de inundación.

Os traballos contarán cun prazo de execución de 5 meses e consisten na reforma da rede de pluviais existente a través da execución de 4 colectores, o que permitirá mellorar a súa capacidade de desaugue nas condicións máis desfavorables, coa coincidencia da preamar con fortes precipitacións.

### **Plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación**

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundacións da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Desde o 1 de maio e ata o vindeiro 30 de xullo está aberto á participación pública o novo Plan de xestión de risco de inundacións 2021-2027, que se agarda aprobar a finais de ano.

En paralelo, Augas de Galicia está a desenvolver os plans específicos de xestión en 9 zonas fluviais con maior risco de inundacións. Trátase das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira, Pontecesures e Valga; o Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Fontecova e Trasposta, en Viveiro; Bahíña e o propio Groba, en Baiona; así como no Lagares, en Vigo.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, Xunta e Concellos, para minimizar o risco de enchentes.

## A XUNTA INCREMENTA UN 25% O SEU APOIO A COGAMI PARA FOMENTAR A FORMACIÓN E ACCESO CULTURAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *O Goberno autonómico renova o convenio para pór en marcha o proxecto En-Red-Arte do que se beneficiaron medio milleiro de usuarios nas súas dúas edicións*
- *Terán acceso a obradoiros de artes plásticas, fotografía artística, escritura creativa, teatro, música tradicional e popular e danza contemporánea*
- *Para seguir afondando neste dereito irrenunciábel, a Consellería de Educación, Cultura e Universidade traballa nunha nova lei de accesibilidade cultural*

A Xunta de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) renovarán o proxecto En-Red-Arte, unha iniciativa que cumpre a súa terceira edición e coa que se pretende facilitar a formación e o acceso á cultura das persoas con discapacidade e impulsar a colaboración entre profesionais do eido da discapacidade e artistas. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración da Consellería de Educación, Cultura e Universidade coa mencionada entidade coa que o Goberno autonómico incrementa a súa achega un 25%.

O proxecto En-Red-Arte está en marcha desde o ano 2015 e está deseñado para proporcionarlles ás persoas con discapacidade a posibilidade de vivir experiencias culturais que teñan unha incidencia positiva na súa aprendizaxe e que lles permita desenvolver a súa curiosidade, a formación do gusto e o seu sentido estético e crítico. Ao mesmo tempo, preténdese incentivar entre este colectivo o hábito de frecuentar actividades e eventos culturais, romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal, entre outras.

Para lograr estes obxectivos levaranse a cabo distintos obradoiros de artes plásticas, fotografía artística, escritura creativa, teatro, música tradicional e popular e danza contemporánea. Todos eles están pensados para que os participantes –hai previsión de participación de 200 persoas– acaden unha base de coñecementos na materia concreta e, a partir de aí, fomentar o seu espírito creativo e artístico en cada unha das materias que se tratan, tendo en conta os gustos persoais de cada quen. As actividades terán lugar nos centros de recursos de persoas con discapacidade e asociacións de membros da entidade, así como tamén nos espazos formativos que COGAMI emprega habitualmente.

### **Integración social a través da cultura**

Este convenio dá continuidade ao traballo levado a cabo nos últimos anos cunha iniciativa da que se beneficiaron medio millar de usuarios nas súas tres edicións. Entre as novas medidas previstas para esta lexislatura, a Xunta de Galicia traballa en impulsar un novo proxecto normativo – a Lei de inclusión e accesibilidade cultural– para seguir afondando no dereito irrenunciábel de que todas as persoas poidan participar na vida cultural.

Ademais, a Consellería –a través da Secretaría Xeral de Cultura– vén colaborando con diversas iniciativas, como o Festival Artístico Igual Arte, da Fundación Igual Arte, que ofrece unha

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mostra da creatividade de compañías de arte integradas por persoas con discapacidade; ou o Encontro Artes pola Integración, que pon nas mans de grupos dalgunha forma excluídos da participación social unha serie de oportunidades, plataformas, iniciativas e ferramentas para facilitar a súa comunicación co resto da sociedade, ao tempo que dá a coñecer a capacidade expresiva deses grupos socialmente excluídos por razóns legais, sociais ou médicas.

## **A XUNTA REFORZA A COLABORACIÓN CON 14 ASOCIACIÓN PARA FACILITAR O COMEDOR ADAPTADO A 488 ESTUDANTES CON DISCAPACIDADES**

- *O Consello autoriza a renovación dos acordos con estas entidades, por máis de 200.000€, incrementando nunha decena o número de nenos beneficiados*
- *O obxectivo é garantir un acceso adecuado a este servizo complementario para este alumnado, que require unha atención específica e preferente*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade reforza os convenios de colaboración con 14 entidades dedicadas á atención de alumnado con discapacidade co fin de contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o curso 2021/22 para 488 alumnos, 10 máis ca no actual curso. O investimento total ascenderá a 207.784,74€, medrando respecto do ano pasado.

Ao abeiro desta colaboración, as asociacións beneficiarias comprométese a facilitarlle ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que para estas persoas supón un comedor escolar, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Estes acordos enmárcanse no compromiso da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente.

### **Subvención por menú**

As entidades coas que se renova a colaboración, segundo o aprobado hoxe polo Consello da Xunta son a Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual (Aceesca), Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, Asociación A Esperanza do Val Miñor, Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), Asociación Autismo Ourense, Asociación Nuestra Señora de Chamorro, Asociación San Xerome Emiliani, Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños Aspaber, Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral -A Coruña (Aspace), Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), Fundación Menela e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo.

A Xunta compensará cada trimestre ás entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 euros ou 2,37 euros (en función do número de usuarios) polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnas/os con discapacidade escolarizados por ditame de Administración educativa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA CON 450.000 EUROS PROXECTOS PARA A RECUPERACIÓN E INTEGRACIÓN SOCIOLABORAL DE VÍTIMAS DE TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL

- *O Goberno autonómico convocará axudas por importe máximo de 70.000 euros para que entidades sen ánimo de lucro desenvolvan intervencións integrais coas mulleres e nenas vítimas desta lacra*
- *Os apoios destínanse a accións de atención inmediata; asesoramento xurídico, laboral e social; e programas a pé de rúa desenvolvidos polas entidades*
- *Desde 2016 grazas a estes apoios da Xunta máis de 3.000 vítimas de trata con fins de explotación sexual resultaron atendidas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para levar a cabo proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual. A orde de apoios para este 2021 conta cun orzamento de 450.000 euros, cofinanciados con cargo ao Fondo Social Europeo, o que permitiría chegar a atender as necesidades dunhas 700 persoas vítimas.

As axudas terán como destinatarias as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e con domicilio social en Galicia. O importe máximo dos apoios ascenderá a 70.000 euros.

Nos proxectos financiados incluíranse accións de atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais, para a actuación inmediata coas vítimas de trata de seres humanos; asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións con entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos; atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou condutuais na procura da súa recuperación persoal; así como orientación e asesoramento xurídico e laboral.

A Xunta apoiará tamén os programas de atención en traballo de rúa, co obxectivo de chegar aos lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos para ofrecerlles información sobre os recursos cos que contan.

Estas axudas enmárcanse no compromiso da Xunta na atención ás vítimas de trata. Nesta liña, Galicia aprobou a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que no seu artigo 3 recolle a trata de mulleres e nenas como forma de violencia de xénero e incorpora ás vítimas desta forma de violencia como beneficiarias das prestacións de axudas económicas periódicas da Xunta.

A comunidade galega é ademais pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra esta lacra, coa sinatura en xaneiro de 2010, e actualizada en 2012, do protocolo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

O Goberno galego traballa desde hai anos en garantir a protección das vítimas a través de protocolos de detección destes casos e a derivación das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual a profesionais de distintos ámbitos que lles axuden a acceder a recursos de asistencia especializados.

No marco concreto destas axudas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, desde 2016 foron atendidas 3.005 persoas, un total de 685 en 2020.



## A XUNTA DE GALICIA ACHEGA 230.000 EUROS AO CENTRO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL VIGUÉS DE SAN RAFAEL

- *O convenio busca axudar a financiar os gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade*
- *Aprobaranse acordos cunha decena de entidades de iniciativa social do eido da discapacidade por unha contía total de 950.000 euros*
- *Estas achegas súmanse aos 4 millóns cos que a Xunta garante a continuidade do servizo e as condicións laborais dos traballadores das federacións de entidades de discapacidade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou unha axuda de 230.000 euros ao centro de persoas con discapacidade intelectual San Rafael de Vigo para colaborar na financiación dos gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade intelectual.

O acordo con esta entidade forma parte dos 950.000 euros cos que o Goberno galego aposta polo mantemento das iniciativas dunha decena de entidades non federadas dirixidas a garantir a asistencia básica e o desenvolvemento das persoas con discapacidade intelectual, tratando de recuperar o máximo posible as capacidades de cada persoa e procurando a mellora da calidade de vida e da integración social e laboral.

A finalidade destes programas son a mellora das habilidades para solucionar as incidencias diarias, autocontrol das emocións e condutas, autonomía para resolver problemas, habilidades sociais, redución e eliminación de condutas desadaptadas, apoio a necesidades específicas e comunicación coas súas familias.

### **Plan de rescate**

Os 4 millóns de euros investidos neste eido, que se foron consolidando co paso dos anos, permitiron ao Goberno galego garantir as condicións laborais dos seus traballadores e axudar a que seguisen prestando o seu importantísimo labor.

Esta nova aposta do Executivo autonómico coas entidades de discapacidade demostra unha vez máis que o compromiso da Administración autonómica sempre se mantivo firme, incluso nos momentos máis complicados. Froito diso, Galicia incrementou nos seus orzamentos para este ano un 11% o investimento nesta materia ata chegar ao 126 millóns de euros, o dobre que en 2009.

## A XUNTA REMITIRÁ A PRÓXIMA SEMANA AO GOBERNO CENTRAL, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA COMARCA AS SÚAS PROPOSTAS PARA PECHAR O PACTO DE ESTADO POR FERROL

- ***O Consello da Xunta avaliou hoxe as iniciativas deseñadas polas consellerías e as achegas que vén de recoller tras reunirse con administracións locais, sindicatos e tecido empresarial de Ferrolterra***
- ***O Executivo galego busca actuar desde a unidade de acción para pechar canto antes o documento e mobilizar entre todos os gobernos os investimentos precisos para reactivar industrialmente esta comarca***
- ***As medidas artéllanse ao redor de oito obxectivos que buscan a recuperación empresarial e laboral; o reforzo das empresas tractoras da comarca; a modernización e mellora competitiva dos sectores estratéxicos; a diversificación; o desenvolvemento das cadeas de valor; a xeración de innovación e coñecemento; e a competitividade territorial e a consolidación dos servizos públicos***

O Consello da Xunta de Galicia avaliou na súa reunión desta mañá as primeiras iniciativas para a reactivación económica e social de Ferrolterra propostas tanto polo Executivo autonómico –cuxas consellerías levan tempo perfilando– como polos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, os sindicatos e o tecido empresarial da zona –tras as reunións mantidas durante esta semana–. Agora, este documento remitirase a todas as administracións –incluído o Goberno central– para pechar o antes posible o Pacto de Estado no que se recollan todas as medidas e os investimentos necesarios para acadar este obxectivo.

En concreto, a Xunta enviará a semana que vén, tanto ao Goberno central como á Deputación da Coruña e aos concellos de Ferrolterra, o traballo realizado ata agora. Búscase, deste xeito, lograr a unidade de acción e o compromiso e implicación de todas as institucións para pechar o documento definitivo. Ademais, esta proposta tamén se irá enriquecendo e madurando coas suxestións que se trasladan desde o tecido económico e social de Ferrolterra–nos seguintes encontros. De feito, nos próximos días continuará a axenda de reunións coa Universidade e os integrantes do CIS Tecnoloxía e Deseño en Ferrol.

O obxectivo é consensuar unha folla de ruta que permita reactivar industrialmente unha comarca que perdeu un terzo dos seus habitantes nos últimos 40 anos, que conta coa taxa de paro máis alta de Galicia e cuxa actividade industrial está ameazada polos peches da central térmica das Pontes e da planta de Siemes-Gamesa nas Somozas, a deslocalización da industria do plástico ou a falta de carga de traballo en Navantia.

### **Oito eixos de actuación**

As medidas recollidas nesta primeira proposta artéllanse ao redor de oito obxectivos concretos: a recuperación empresarial e laboral; o reforzo das empresas tractoras da comarca; a modernización e mellora competitiva dos sectores tradicionais; a diversificación; o desenvolvemento das cadeas de valor; a xeración de innovación e coñecemento; a mellora da competitividade territorial e a consolidación dos servizos públicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, o primeiro eixo contempla continuar facilitando a recuperación das empresas, autónomos e empregos afectados pola crise da covid-19 a través de plans de rescate nos que se poña o foco nos sectores máis castigados. Tamén se propoñen novas liñas de financiamento directo para que o tecido empresarial poida manter a súa actividade.

En segundo lugar, tratarase de conseguir un compromiso por parte do Estado para reforzar as grandes actividades no eido industrial e, en concreto, a construción dun buque de acción marítima (BAM) en Navantia Ferrol, a continuidade da central térmica das Pontes a través dos biocombustibles, alternativas para evitar o peche da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas ou unha solución para Alcoa e o resto de industria electrointensiva.

O terceiro obxectivo céntrase na modernización e mellora competitiva dos sectores estratéxicos de Ferrol: o naval –coa modernización do estaleiro de Navantia–, o forestal –buscando por exemplo completar os ciclos de produción e abrir novos mercados–, e a industria alimentaria e o sector primario –con iniciativas como a continuación de obras de saneamento da ría–.

No cuarto eixo enmárcanse medidas para impulsar a diversificación cara a sectores con potencial de futuro, a través dun polo enerxético que deberá encontrar acomodo no reparto dos fondos europeos Next Generation e no que se inclúa a produción de biocombustibles na central térmica das Pontes; a consolidación do gas natural licuado (GNL) a través da planta de Reganosa; e o hidróxeno verde, a través dun centro de xeración desta fonte de enerxía, un proxecto que xa está incluído dentro do Polo para a transformación de Galicia que a Xunta ten presentado para optar aos fondos europeos. Neste apartado, tamén se estudará o desenvolvemento do sector da eólica mariña a través dun Hub de eólica offshore no que se recolla a consolidación desta enerxía renovable no ámbito industrial e o impulso necesario para levar adiante proxectos de xeración. Unha aposta pola eólica mariña que deberá garantir a súa compatibilidade coas actividades marítimo-pesqueiras.

O quinto obxectivo abrangue propostas para desenvolver cadeas de valor profesionalizadas ao redor de sectores estratéxicos e que permitiría, por exemplo, impulsar a competitividade da industria auxiliar. Un obxectivo para o que se terá que apostar polas tecnoloxías disruptivas, como o *big data*, a intelixencia artificial ou a realidade virtual.

O sexto eixo inclúe iniciativas relacionadas coa innovación e o coñecemento, posicionando o CIS Tecnoloxía e Deseño en Ferrol como punto de referencia e como sede do centro de excelencia do sector naval.

No sétimo eixo búscase a mellora da competitividade territorial a través dunha rede de infraestruturas que conecte Ferrol co resto de grandes nodos da actividade industrial de Galicia e do noroeste peninsular; a mellora dos servizos ferroviarios ou un plan de investimento, conservación e reparación de vías de comunicación de titularidade da Xunta e do resto de administracións –un exemplo é a vía de alta capacidade (VAC) da Costa Norte–; ademais de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsar un plan de formación en sectores estratéxicos como o naval ou o marítimo-pesqueiro.

Finalmente apostarase pola consolidación dos servizos públicos, reforzando as políticas sociais, a educación e a sanidade con medidas de conciliación, atención á dependencia e ás familias máis vulnerables, ou con novos equipamentos no ámbito académico e sanitario.

Ademais, entre as propostas achegadas esta semana nas distintas reunións con concellos, sindicatos e tecido empresarial, destaca a transformación do buque civil de transporte *Galicia* en Navantia, o reforzo do Plan Rexurbe, ou a creación do Xeoparque Ortegal.

Este conxunto de medidas, xunto coas que se incorporen definitivamente, teñen como obxectivo dar a esta comarca unha resposta institucional conxunta para que Ferrolterra se poida beneficiar da dobre oportunidade que supón a transformación dixital e ecolóxica no marco dos fondos europeos. Unha resposta, ademais, adaptada ás necesidades concretas dos concellos, a cidadanía, empresas –tanto tractoras como pemes– e autónomos.

## A XUNTA DECLARA CATRO NOVAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL EN VIGO, QUE SE CONVERTE ASÍ NO SEGUNDO CONCELLO DE GALICIA CON MÁIS FIGURAS DESTETIPO

- *As novas ARI son as de Espiñeiro-Teis, Beiramar, San Roque e San Pablo, que recibirán unha inxección de fondos públicos dun máximo de 20,9 M€*
- *En canto ás catro áreas declaradas con anterioridade, as de conxunto histórico, Bouzas, Santa Clara e rúas Bueu-Moaña, xa se recuperaron ata o momento 1.413 vivendas grazas a un investimento de 8,13 M€*
- *O obxectivo é seguir avanzando na dinamización das oito ARI de Vigo, onde está previsto rehabilitar en total outras 1.448 vivendas nos vindeiros anos*
- *A convocatoria de 2021 para o reparto de financiamento entre todas as ARI existentes en Galicia publicarase este mes por un importe global de 5,41 M€*

A Xunta de Galicia acaba de declarar catro novas áreas de rehabilitación integral (ARI) no concello de Vigo, que suma deste xeito un total de oito e se converte no segundo municipio galego con máis figuras deste tipo, tan só por detrás da Coruña, que ten 10. Trátanse concretamente das ARI de Espiñeiro-Teis, Beiramar, San Roque e San Pablo, ámbitos en que se aspira a mobilizar un investimento de máis de 33,2 millóns de euros, dos cales 20,9 millóns procederían de achegas públicas.

Segundo o informe presentado esta mañá ante o Consello da Xunta, esta é a contía que, como máximo, poderán captar as catro novas ARI da cidade olívica para financiar actuacións de rehabilitación en vivendas, así como obras de urbanización ou reurbanización destinadas a mellorar os espazos públicos e de uso común de cada un destes ámbitos.

Cómpre lembrar que a figura da área de rehabilitación integral se creou en 1996 ao abeiro do Plan estatal de vivenda como un ámbito de intervención delimitado no que se prevé a rehabilitación de edificios e de vivendas por iniciativa dos seus propietarios, a execución de obras de urbanización ou reurbanización de espazos públicos por parte dos concellos e, de ser o caso, a construción de edificios ou vivendas que substitúan a outros demolidos.

Con este obxectivo, a principios de 2021 o Concello de Vigo enviou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a súa solicitude para a declaración de catro novas ARI, que se sumarían ás catro xa existentes. Así, cómpre lembrar que en 1997 foi declarada a primeira figura deste tipo na cidade olívica: a ARI do conxunto histórico; en 2003 aprobouse a de Bouzas; e no ano 2015 sumáronse as de Santa Clara e a das Rúas Bueu-Moaña.

Desde entón, Vigo recibiu unha asignación total de 16,1 millóns de euros para a realización de actuacións de rehabilitación nestes catro ámbitos. O balance provisional ata o momento é de 1.413 vivendas rehabilitadas grazas a un investimento de 8,1 millóns de euros procedentes de fondos públicos, aínda que está prevista a rehabilitación doutras 641 vivendas grazas a achegas pendentes de executar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez recibido o visto e prace do Consello da Xunta, Vigo conta xa con catro novas ARI que, segundo as estimacións incluídas na propia solicitude, abranguen un total de 807 vivendas. Partindo desta cifra e tendo en conta os importes máximos das axudas para rehabilitación, calcúlase que Vigo podería recibir os citados 20,9 millóns de euros en achegas públicas para investir na súa recuperación, así como en obras de urbanización da contorna.

En definitiva, sumando todos os inmobles incluídos nas oito ARI viguesas, tanto os xa rehabilitados (1.413) como aqueles nos que aínda non se interveu (1.448), a previsión é que se poidan chegar a recuperar para usos residenciais un total de case 2.900 vivendas.

### Características das novas ARI

En canto ás características particulares das catro novas ARI de Vigo, cómpre subliñar que a de Espiñeiro-Teis é a que ten un maior potencial desde o punto de vista da rehabilitación xa que concentra 386 vivendas agrupadas en 30 edificios e cunha poboación de 599 habitantes. En canto á nova ARI de Beiramar, concéntrase entre os números 145 e 157 da Avenida de Beiramar, conta con 70 vivendas en sete edificios e ten, en total, 137 veciños.

A área declarada en San Roque é a máis extensa, cunha superficie de algo máis de 27.000 m<sup>2</sup> dividida entre dúas zonas: unha conformada polas vivendas da rúa Emilia Pardo Bazán e a outra, polas que están máis próximas ao Pazo de San Roque. Neste ámbito hai identificadas 271 vivendas e 133 habitantes. Por último, a ARI de San Pablo está integrada polas vivendas do grupo sindical do mesmo nome, un total de 80, e esténdese por unha superficie de algo máis de 4.000 m<sup>2</sup> na que viven 164 veciños.

Así, sumando todas as novas ARI, estaríamos a falar dunha superficie de actuación de preto de 55.000 m<sup>2</sup> e na que viven ao redor dun milleiro de persoas.

### Outras actuacións de rehabilitación en Vigo

Ademais dos fondos destinados a dinamizar e recuperar con fins residenciais as ARI declaradas na cidade, a Xunta tamén leva anos traballando na rehabilitación do seu casco histórico. A través do Consorcio Casco Vello de Vigo, no que o IGVS participa co 90% do capital, o balance de vivendas recuperadas ascende a un total de 111 e actualmente ten varias actuacións en execución.

Do mesmo xeito, Vigo tamén forma parte de dúas ARI de carácter supramunicipal, polo que se pode beneficiar dos investimentos reservados para intervir sobre elas. Concretamente, está incluído na de Illas Atlánticas, xa que as Cíes pertencen ao seu termo municipal, e tamén na ARI dos Camiños, xa que o Portugués pola Costa atravesa este concello.

### 76 en toda Galicia e tres supramunicipais

Tendo en conta as novas declaracións autorizadas hoxe polo Consello da Xunta —hoxe declarouse tamén unha en Pontearreas—, Galicia ten xa 76 áreas de rehabilitación integral de xestión local e tres máis de carácter supramunicipal, xestionadas directamente polo IGVS.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O importe máximo das subvencións que poden percibir os propietarios de inmobles nestes ámbitos é de 24.000 euros por vivenda, aínda que son compatibles con outras, como a liña de axudas para rehabilitación enerxética do IGVS, aberta ata o 31 de xullo e dotada de 8,5 millóns de euros. Así mesmo, os concellos con algunha ARI tamén poderán recibir axudas directas para financiar obras de urbanización en espazos públicos, condicionadas á rehabilitación de vivendas e por un máximo de 2.000 euros por cada inmovible rehabilitado.

A convocatoria de 2021 para a repartición de financiamento entre todas as áreas de rehabilitación integral existentes publicarase este mes de maio por un importe global de 5,41 millóns de euros. Deste xeito, cando saia, o Concello de Vigo xa poderá solicitar fondos para calquera das súas oito ARI.

## A XUNTA DECLARA A PRIMEIRA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE PONTEAREAS PARA PROMOVER A RECUPERACIÓN DE MÁIS DE 500 VIVENDAS

- *A nova ARI abrangue parte do ámbito urbano municipal, incluído a zona vella, que na actualidade se atopa moi degradada e ten moitos inmobles desocupados*
- *Segundo as estimacións realizadas polo Concello, o investimento total que se prevé mobilizar na zona, entre fondos públicos e achegas privadas, ascende a 50,85 M€*

A Xunta de Galicia acaba de declarar a primeira área de rehabilitación integral (ARI) do concello de Ponteareas, unha zona de 92.875 m<sup>2</sup> que abrangue parte do ámbito urbano municipal organizado arredor da praza Maior e da praza de Bugallal, e na cal se inclúe a zona vella e, a maiores, algunhas edificacións contiguas a ela.

A nova ARI comprende 518 vivendas, distribuídas en 74 edificios residenciais e 133 unifamiliares, que requiren dalgún tipo de intervención rehabilitadora, en maior ou menor grao. Así, segundo informe que coñeceu hoxe o Consello, o contorno urbano da zona vella de Ponteareas e, en particular, o asentamento orixinal do municipio, atópase altamente degradado, con numerosas vivendas desocupadas e nun deficiente estado de conservación.

Este é o motivo principal polo que o concello solicitou do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que este ámbito fose declarado ARI, unha figura creada en 1996 ao abeiro do Plan estatal de vivenda como un ámbito de intervención delimitado en que se prevé a rehabilitación de edificios e de vivendas a iniciativa dos seus propietarios, a execución de obras de urbanización ou reurbanización de espazos públicos por parte dos concellos e, de ser o caso, a construción de edificios ou vivendas que substitúan outros demolidos.

O custo estimado polo concello das actuacións de rehabilitación residencial necesarias neste ámbito ascende a 45,89 millóns de euros, unha contía á cal habería que sumar 4,9 millóns destinados a obras de reurbanización, algunhas das cales xa están en marcha ou en trámite. É dicir, que o investimento total que se prevé mobilizar na zona é de 50,85 millóns de euros.

Neste sentido e tendo en conta os importes máximos das axudas dispoñibles para rehabilitación dentro das ARI, calcúlase que Ponteareas podería recibir nos vindeiros anos ata un máximo de 12,4 millóns de euros en achegas públicas para investir na recuperación das máis de 500 vivendas dentro da súa nova área de rehabilitación integral.

### **Actuacións prioritarias dentro da ARI**

Cómpre subliñar que, ademais das 518 vivendas identificadas, a ARI tamén alberga cinco edificios de equipamentos e 16 destinados a outros usos. Dentro do ámbito, primáranse as intervencións sobre edificacións con fronte á praza Maior, á praza de Bugallal e ás rúas que conectan ambas as dúas (rúa da Esperanza e rúa de Oriente).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes espazos actúan como dinamizadores do ámbito e da vila, polo que resulta de especial interese a súa rehabilitación para, a partir de aí, seguir actuando no resto, un criterio que tamén se aplicará á hora de urbanizar espazos e rúas nos que aínda non se interveu.

### **76 en toda Galicia e tres supramunicipais**

Tendo en conta as novas declaracións autorizadas esta mañá polo Consello da Xunta —hoxe declaráronse tamén catro ARI no concello de Vigo—, Galicia ten xa 76 áreas de rehabilitación integral de xestión local e tres máis de carácter supramunicipal, xestionadas directamente polo IGVS.

O importe máximo das subvencións que poden percibir os propietarios de inmobles nestes ámbitos é de 24.000 euros por vivenda, aínda que son compatibles con outras, como a liña de axudas para rehabilitación enerxética do IGVS, aberta ata o 31 de xullo e dotada de 8,5 millóns de euros. Así mesmo, os concellos con algunha ARI tamén poderán recibir axudas directas para financiar obras de urbanización en espazos públicos, condicionadas á rehabilitación de vivendas e por un máximo de 2.000 euros por cada inmovible rehabilitado.

A convocatoria para a repartición de financiamento entre todas as áreas de rehabilitación integral existentes publicaranse este mes de maio por un importe global de 5,41 millóns de euros. Deste xeito, cando saia, Pontearreas xa poderá solicitar fondos destinados á súa nova ARI.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS

- *O seu obxectivo central é establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas garantindo un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz*
- *Estímase que existen unhas 7.000 enfermidades raras diferentes que afectan entre un 5% e un 7% da poboación, o que en Galicia supón 200.000 persoas afectadas*
- *Para o deseño desta estratexia contouse cun grupo amplo de profesionais relacionados con estas enfermidades e con pacientes afectados por elas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a Estratexia galega en enfermidades raras, co obxectivo de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas garantindo un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Considéranse enfermidades raras aquelas que, con perigo de morte ou invalidez crónica, teñen unha prevalencia menor de cinco casos por 10.000 habitantes e afectan un número importante de pacientes. Estímase que existen unhas 7.000 enfermidades raras diferentes que afectan entre un 5% e un 7% da poboación, o que en Galicia supón 200.000 persoas afectadas.

Para a atención destes doentes, precisase dunha abordaxe específica dada a alta complexidade destas patoloxías. Acotío, as enfermidades raras afectan a múltiples órganos e sistemas, con ampla diversidade de síntomas e desordes incluso dentro da mesma patoloxía. Ás dificultades na detección temperá, súmanse outros factores como a baixa dispoñibilidade de tratamentos curativos, a importante carga de enfermidade ou a escaseza de información para profesionais e pacientes. Todo isto fai necesario a existencia desta estratexia, que permitirá, ademais, concentrar os casos para unha adecuada atención.

A Estratexia galega en enfermidades raras suporá unha mellora importante dos pacientes afectados por estas doenzas xa que permitirá establecer un novo modelo de atención aglutinando o coñecemento en novas unidades áxiles e dinámicas. Tamén mellorará os tempos de diagnósticos e potenciará a súa detección precoz, o que permitirá acelerar o diagnóstico e seguimento baixo un enfoque multidisciplinar.

Así mesmo, a Estratexia vai facilitar o emprego de ferramentas tecnolóxicas que dean axilidade aos trámites; definirá un itinerario formativo integrado no plan de formación anual, dirixido ao persoal sanitario; e garantirá a equidade no acceso a medicamentos orfos, ademais de promover a participación en grupos de investigación nacionais e internacionais, e impulsar a coordinación sociosanitaria e a participación cidadá.

### Eixos estratéxicos

Para acadar todos os obxectivos anteriormente citados, definíronse sete eixos estratéxicos, como son: o desenvolvemento do Rexistro Galego de Enfermidades Raras (Rerga); o reforzo da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prevención primaria e secundaria; a mellora no acceso a terapias farmacolóxicas e non farmacolóxicas; o impulso na coordinación sociosanitaria e participación cidadá, e o fomento da formación e divulgación entre profesionais, pacientes e cidadanía. Completan os eixos estratéxicos a promoción da investigación e da obtención de resultados en saúde, e a normalización da asistencia sanitaria.

De todos estes eixos, cómpre destacar o terceiro, referido á normalización de asistencia sanitaria. Nel establécense unha serie de recursos asistenciais como a creación da Comisión Galega de Enfermidades Raras, a posta en marcha de unidades funcionais multidisciplinares o a creación de comités clínicos das enfermidades raras con carácter intrahospitalario. Tamén define diversos protocolos e procedementos, así como circuitos de derivación desde atención primaria e hospitalaria e prevé o establecemento dun circuito específico para estudos xenéticos.

Para o deseño da Estratexia galega en enfermidades raras, contouse cun grupo amplo de profesionais relacionados con estas doenzas raras, así como con pacientes afectados e coas súas familias, que puxeron de manifesto as súas necesidades e que constituíron a base desta estratexia.

## O SERGAS RECOÑECE UN NOVO GRAO DE CARREIRA A PRETO DE 13.500 PROFESIONAIS

- *O pagamento deste complemento suporá para a Xunta un investimento de 20 millóns de euros en dous anos*
- *Dos 14.000 traballadores sanitarios que presentaron a súa solicitude, preto de 3.000 son sanitarios licenciados, 7.000 diplomados sanitarios e técnicos de FP e 4.000 persoal de xestión e servizos*
- *A implantación da carreira profesional ordinaria súmase ás medidas adoptadas polo Sergas e que supuxeron unha mellora das condicións laborais e retributivas do persoal como son a convocatoria de OPES anuais ou as listas de contratación temporal de facultativos especialistas de áreas entre outras*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a resolución do procedemento de carreira profesional do persoal do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas (061, ADOS, ACIS e Galaria), correspondente á convocatoria do ano 2020. O recoñecemento dos novos graos implicará un investimento de 20.019.976 euros por parte da administración.

A través desta convocatoria, 14.067 profesionais do Servizo Galego de Saúde solicitaron o seguinte grao de carreira profesional. Deles 3.283 (23%) son licenciados sanitarios, 6.502 (46%) diplomados sanitarios e técnicos de FP e 4.282 (31%) son persoal de xestión e servizos. Dos solicitantes, un total de 13.480 traballadores obtiveron un recoñecemento de grao. Os datos desagregados amosan que o 2% (270) acceden ao grao I; o 45% (6.269) ao grao II; o 23% (2.734) ao grao III e o 30% (4.207) ao grao IV. Por categorías profesionais: o 50% son sanitarios universitarios, o 21% sanitarios de FP, o 2% universitarios de xestión e servizos e o 27% son profesionais doutras categorías de xestión e servizos.

Nesta convocatoria, o 80% dos profesionais estiveron exentos do requisito de permanencia no grao anterior, de xeito que puideron acceder a dous graos de carreira en dous anos nas convocatorias do ano 2018 e do ano 2020. En catro anos, supón un incremento de entre 6.000 euros e 4.000 euros en persoal sanitario universitario (persoal médico e enfermería). O complemento de carreira profesional está sendo percibido por 22.000 profesionais.

A implantación da carreira profesional súmase ás medidas adoptadas polo Sergas e que supuxeron unha mellora das condicións laborais e retributivas do persoal. Entre elas destacan os incrementos do cadro de persoal, os concursos específicos para acceso a novas especialidades, e o concurso de traslados aberto anualmente. Inclúense tamén as medidas recollidas no Plan de continxencia covid-19, a convocatoria de OPES anuais ou as listas de contratación que se ten axilizado na súa publicación, así como tamén o recente acordo sobre a publicación de listas para selección temporal de persoal facultativo especialista de área.

### **Pagamento do complemento**

O pagamento do complemento de carreira recoñecido nesta convocatoria repartirase en dúas anualidades (50% en 2021 e 50% en 2022) e suporá un incremento retributivo medio do 5,92%.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este complemento representa un incremento retributivo para todas as categorías profesionais que se traduce nun importe anual de 1.562,64 euros para licenciados sanitarios; 976,62 euros para diplomados sanitarios A2; 567,72 euros para técnicos de FP C1; 481,86 euros técnicos de FP C2; 1.257,84 euros para o grupo A1 de xestión e servizos; 880,32 euros para o grupo A2 de xestión e servizos; 567,72 euros para o grupo C1 de xestión e servizos; 481,86 euros para o grupo C2 de xestión e servizos; e 389,34 euros para o grupo AP de xestión e servizos.

As resolucións estimatorias de recoñecemento de grao terán efecto desde o día 1 de xaneiro de 2021, e retribuiranse na nómina de maio. Este sábado remitiranse as resolucións ao persoal a través do sistema de notificación [notifica.gal](http://notifica.gal).

## A XUNTA DESTINA 1,8 MILLÓNS DE EUROS Á AREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA PARA FACER FRONTE Á PANDEMIA DA COVID-19

- *Este orzamento dedícase a adquisición de bens e materiais, así como á contratación de servizos e a realización de pequenas obras*
- *A meirande parte do orzamento vai para a compra de material sanitario e material de laboratorio*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor de 1.869.162 euros, para a adquisición de bens e materiais, así como á contratación de servizos e a realización de pequenas obras na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

A meirande parte deste orzamento vai destinado á compra de material sanitario, con 802.865 euros e material de laboratorio por valor de 799.734 euros. A adquisición de material sanitario, comprende 1.550.000 de luvas de nitrilo e 100.000 unidades de luvas de cirurxía, 1.000.000 de calzas dun só uso, 300.000 gorros dun só uso, 500.000 unidades de máscaras FFP2 e 20.000 unidades de batas impermeables estériles. Tamén recolle a compra de 27.000 unidades de máscaras de oxíxeno e 8.000 sensores de oximetría.

No referido ao material de laboratorio, o referido orzamento recolle a compra de 25.000 unidades de tests rápidos para a detección antixenos e 30.000 unidades de medios de transporte con vasoira flocada estéril. Complétase o orzamento desta partida con diferentes kits como os de detección cualitativa de coronavirus (mutacións), kits de detección RNA SARS-COV-2, e kits reactivos para secuenciación, entre outros.

Ademais destas cantidades, tamén se destinan 120.070 euros a adquisición de produtos farmacéuticos, 63.141 euros para a compra de vestiario e 51.741 euros para tarefas de limpeza e aseo entre outros servizos.

A adquisición de todo este material e a contratación dos servizos detallados, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que establece, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.



## **GALICIA CONTARÁ EN 2022 CUNHA NOVA LEI DE CALIDADE ALIMENTARIA QUE REXERÁ A CALIDADE DOS PRODUTOS ALIMENTARIOS DA COMUNIDADE**

- *O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o sometemento á consulta pública previa desta futura Lei*
- *A nova norma virá actualizar a Lei de promoción e defensa da calidade alimentaria galega - aprobada en 2005-, adaptándose ás modificacións que se produciron dende entón no marco legal español e comunitario*
- *Así mesmo, recollerá os cambios xurdidos na produción e comercialización alimentaria, coa incorporación das novas tecnoloxías e de distintas formas de comercialización e ante o aumento dos intercambios entre estados*
- *Entre os seus obxectivos, destaca o mantemento dun alto estándar de calidade na produción alimentaria galega, o impulso da calidade diferenciada, a mellora no sistema de xestión das DOP e IXP, o perfeccionamento do control sobre as entidades privadas de certificación alimentaria e a contratación pública verde*

O Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do anteproxecto da Lei de calidade alimentaria de Galicia, que se prevé ter aprobada no vindeiro ano 2022 para actualizar o marco normativo da nosa comunidade referido ao impulso da calidade dos produtos alimentarios que se producen ou comercializan no noso territorio.

Deste xeito, o obxectivo desta consulta pública é recoller achegas que enriquezan o texto lexislativo que virá actualizar a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para dar resposta aos cambios experimentados na produción e comercialización alimentaria, á incorporación das novas tecnoloxías e de diferentes formas de comercialización, así como ao incremento dos intercambios entre estados. Nesa liña, cómpre acometer unha adaptación da normativa á nova situación, establecendo medidas que permitan mellorar o control dos alimentos destinados á comunidade galega ou procedentes dela.

Así mesmo, cabe engadir que tamén se produciron cambios no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, que fan preciso proceder a esta nova regulación. Nesa dirección, é necesario sistematizar nunha única disposición a complexa normativa na materia da calidade alimentaria, para dar unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes que actúan na nosa comunidade, ao tempo que se dá resposta á demanda da cidadanía, cada vez máis interesada en acceder con todas as garantías a produtos alimentarios de calidade, sustentables e de proximidade.

### **Obxectivos da nova lei**

Á espera do resultado desta consulta pública, a nova Lei de calidade alimentaria de Galicia persegue distintos obxectivos, principalmente manter un elevado estándar de calidade na produción alimentaria galega. Así, por unha banda, búscase reforzar o control para loitar contra as prácticas desleais tanto na produción como na comercialización e, por outra, revisar o catálogo de infraccións e do procedemento sancionador, adecuándoo á realidade actual e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tendo en conta, entre outras cuestións, o cada vez maior volume de vendas que se realizan a través da internet.

A nova regulación debe servir tamén para impulsar a calidade diferenciada dos produtos alimentarios galegos, mellorando, integrando e desenvolvendo a súa regulación e reforzando a posta en valor dos produtos de calidade a través do apoio ás denominacións de orixe protexidas (DOP), ás indicacións xeográficas protexidas (IXP) e a outras figuras de protección, como pode ser o selo da artesanía alimentaria. A finalidade é que os produtos galegos alcancen unha nova dimensión no mercado, máis competitiva e atractiva para a cidadanía. Así mesmo, resulta necesaria a adaptación ao novo marco definido pola estratexia «Da granxa á mesa», que se configura como elemento esencial do Pacto Verde Europeo e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, e que promove a orientación do sistema alimentario cara á sustentabilidade, a innovación e a transición xusta entre a cidadanía e os operadores alimentarios.

Ademais, a nova normativa debe incluír melloras no sistema de xestión das DOP e IXP, para a profesionalización do funcionamento dos consellos reguladores, especialmente no que se refire á súa actividade de control e certificación. Así, mentres os consellos reguladores de maior dimensión económica poden levar a cabo esas tarefas, as DOP e IXP de menor dimensión económica -e, polo tanto, con pouca capacidade para autofinanciarse e contar con persoal propio- vense obrigados a utilizar os servizos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) para realizar eses labores recorrendo, a maiores, a axudas públicas para cubrir ese gasto. Nesa liña, é necesario que a normativa recolla que a xestión desas DOP/IXP a vai realizar a Xunta de Galicia directamente (a través da Agacal no caso dos produtos de orixe agraria, e da Consellería do Mar no caso dos produtos de procedencia mariña).

Así mesmo, a nova lei debe perseguir un maior control sobre as entidades privadas de certificación alimentaria, que están supoñendo confiar a garantía de que os produtos cumpren os requisitos establecidos a unha terceira parte independente tanto dos intereses dos operadores do mercado e como dos dos consumidores. Cómpre apuntar que, en moitos mercados, este tipo de certificacións se están convertendo nunha condición imprescindible para acceder a eles. Neste contexto, debe regularse a necesidade de que estas entidades de control e certificación, cando exerzan actividades relacionadas coa verificación do cumprimento de esquemas de certificación públicos (como a produción integrada, a etiquetaxe facultativa de carne de aves, as especialidades tradicionais garantidas, etc.), realicen unha declaración responsable ante a autoridade competente, pasando a formar parte dun Rexistro de entidades de certificación, que facilitará a realización da necesaria supervisión da súa actividade pola Administración.

Por último, seguindo os principios de responsabilidade social e ambiental e as recomendacións da Unión Europea e da FAO, a nova regulación debe introducir a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios, isto é, de produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido durante o seu ciclo de vida e que acheguen beneficios ambientais. Deste xeito, débense introducir criterios para que nas compras públicas se favoreza a presenza de produtos frescos, de tempada, ecolóxicos, de proximidade e de calidade diferenciada.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En definitiva, o grande obxectivo da nova Lei de calidade alimentaria de Galicia é que os produtos alimentarios galegos alcancen unha nova dimensión no mercado, máis competitiva e atractiva para a cidadanía e, en consecuencia, favorecer tamén o desenvolvemento local, a creación de emprego e a diversidade produtiva. Ao mesmo tempo, búscase achegar ás persoas consumidoras todas as garantías de que o produto que se ofrece pasou rigorosos controis de calidade e estivo sometido a un especial coidado no proceso de produción e comercialización.

## **GALICIA REFORZA A SÚA POSICIÓN INTERNACIONAL NA INVESTIGACIÓN MARIÑA COA PARTICIPACIÓN DO CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR EN 500 ACCIÓNS QUE MOBILIZARON 320 MILLÓNS DE EUROS DESDE 2001**

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da actividade do centro dependente da Consellería do Mar en 2020, no que traballou en 56 proxectos e servizos con financiamento autonómico, nacional e europeo*
- *O organismo investigador colabora en distintas iniciativas para o deseño de solucións e ferramentas coas que afrontar os retos detectados nas distintas ramas de actividade do complexo mar-industria*
- *O Cetmar impulsa cos sectores produtivos e con outras entidades iniciativas relacionadas coa loita contra o lixo mariño, o tratamento dos residuos a bordo, a mellora da produción acuícola, a adaptación ao cambio climático ou a adecuación da formación ás necesidades das empresas, entre outras*

Galicia reforzou desde 2001 a súa posición e presenza internacional no eido da investigación mariña coa participación do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar en máis de 500 proxectos e servizos que mobilizaron un investimento global de preto de 320 millóns de euros. Así o reflicte o informe de actividade do centro dependente da Consellería do Mar referido ao exercicio 2020 e que hoxe analizou o Consello da Xunta.

O organismo investigador, que participou o ano pasado en 56 proxectos e servizos de investigación autonómicos, nacionais e internacionais, ten como obxectivo fundamental traballar na mellora do medio mariño, dos seus recursos e de todos os sectores que viven del fomentando a innovación e a sustentabilidade ambiental, económica e social, en especial no que respecta ao litoral galego. Os 500 proxectos e servizos nos que tivo presenza o Cetmar desde 2001 supuxeron un investimento global deses preto de 320 millóns de euros para o conxunto do seus participantes e contribuíron ao deseño de solucións e ferramentas para afrontar os retos detectados en distintas ramas do mundo mariño.

Esas iniciativas implicaron a colaboración con entidades de 70 países e con centos de organismos investigadores distintos. Trátase de actividades que se desenvolven coa filosofía de que os países e sociedades que máis invisten en innovación son os máis preparados para afrontar o futuro e buscan colocar a Galicia nunha situación de privilexio nos eidos ambiental, económico e social do mundo marítimo.

O informe analizado polo Executivo galego inclúe as principais liñas de actuación do Cetmar durante o 2020 e tamén os principais fitos acadados durante o exercicio. Entre eles atópase a participación no European Maritime Board, un foro paneuropeo para orientar a investigación e a tecnoloxía dos mares e océanos ao tempo que busca avanzar na investigación mariña, pechar a fenda entre a ciencia e a política e promover o liderado de Europa en investigación e tecnoloxía mariña.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O centro dependente da Consellería do Mar tamén participou na iniciativa internacional Business2Sea, un evento de referencia sobre a economía do mar para reforzar as relacións entre os poderes públicos, as empresas, as universidades e os centros de I+D que o ano pasado se tivo que celebrar de xeito virtual como consecuencia da alerta sanitaria polo coronavirus.

### **Colaboración cos sectores produtivos**

No espírito do Cetmar tamén está a colaboración cos sectores produtivos para buscar solucións adaptadas ás súas necesidades, un labor que o levou a desenvolver durante o pasado exercicio distintas actividades da man das organizacións do sector. Entre as entidades coas que colaborou está a patronal conserveira Anfaco-Cecopesca, coa que desenvolve un proxecto xunto a outras organizacións para aplicar melloras tecnolóxicas na cadea produtiva do molusco cuncha de abano en Perú, na baía de Sechura, así como o proxecto Algalup, para a explotación de macroalgas en Galicia e Portugal.

A investigación xunto ao sector pesqueiro tamén se traduciu en accións coa Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI), como é o caso do proxecto NatMIRC III, que supuxo retomar a colaboración co Goberno de Namibia co obxectivo de mellorar a súa xestión no eido pesqueiro.

O Cetmar tamén colaborou con Conxemar no proxecto Bapsi, que promove o diálogo entre a industria da transformación e elaboración e o sistema educativo para formar profesionais capacitados e equipados de acordo coas necesidades da industria. Mentres, coas confrarías de pescadores desenvolveu a acción ML Style, para aplicar a economía circular aos residuos da actividade pesqueira e portuaria e desenvolver produtos para a industria téxtil, e o proxecto CleanAtlantic, para protexer a biodiversidade mellorando as capacidades de prever, monitorizar e eliminar o lixo mariño.

### **Liñas de traballo**

Precisamente, estas iniciativas enmárcanse dentro dalgunhas das principais liñas de actuación do Cetmar, entre as que destacan a loita contra a contaminación mariña accidental, os contaminantes emerxentes, o lixo mariño ou o cambio climático. Ademais de CleanAtlantic destacan outras como NorWater, para abordar a problemática dos contaminantes emerxentes, ou Hazrunoff, para desenvolver un sistema integrado de alerta temperá ante episodios de contaminación asociados a inundacións.

Na divulgación e transferencia de coñecemento, ademais do Business2Sea, destaca o proxecto Icono, que promove a cultura mariñeira e o coñecemento do océano, a pesca e a acuicultura como sector emblemáticos da economía azul en España. Sobre tecnoloxías mariñas, oceanografía operacional e avaliación de riscos costeiros ante as alteracións climáticas, o Cetmar traballa en proxectos como Silencio, para introducir sistemas de propulsión eléctrica en embarcacións pesqueiras de pequena escala para reducir o impacto do ruído, ou o MarRisk, que avalía os riscos costeiros máis importantes nun escenario de cambio climático para mellorar a resiliencia dos sectores económicos tradicionais e emerxentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No campo da socioeconomía da pesca e do impacto do complexo mar-industria atópanse proxectos como o ClimeFish, de apoio á pesca sustentable favorecendo un incremento da produción acuícola europea e desenvolvendo ferramentas de predición e xestión para a adaptación ao cambio climático. Noutro ámbito, o proxecto MATES analiza a evolución das tecnoloxías marítimas en Europa para elaborar un plan estratéxico que mellore a competitividade da industria coa adecuación das formacións existentes para mellorar a cadea de valor da construción naval e das enerxías renovables en mar aberto.

No eido da formación, o informe tamén recolle a actividade realizada polo centro de ensino A Aixola -dependente do Cetmar- con distintos cursos destinados a profesionais vinculados co sector sobre materias como reparación de redes, velaría, mecánica e electricidade básica ou reparación de embarcacións pneumáticas, entre outras.

### O Cetmar

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar constituíuse no ano 2001 promovido pola Xunta de Galicia e a Administración central a través da Secretaría de Estado de Investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación. Nese mesmo ano foi declarado de interese galego. Ao longo da súa traxectoria participou en máis de 500 proxectos e colaborou en distintas iniciativas con 70 países de todo o mundo.